



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ E MANTEMENTO DA FUNDACIÓN.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

### **DECLARA:**

Que a Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de diversas actividades culturais durante o ano 2021 que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez e outros autores vencellados a vila de Celanova.

### **Actuacións:**

#### **1- ROTEIROS CULTURAIOS POR CELANOVA E OS SEUS ARREDORES**

No ano 2021 vaise traballar co programa “Celanova: pedra e poesía” e “Celanova: un paseo pola historia de Galicia”. E incóporase un “*micro concerto de órgano*”.

#### **2.- 170º ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ**

Celebración do 170º aniversario do nacemento de Manuel Curros Enríquez, coa realización de diversas actividades: fin de semana temática, en torno a súa figura, no que se inclúe a lectura de poemas con acompañamento musical e tamén se organizan conferencias, mesas redondas, así como unha actividade de percorrido exterior literaria e expositiva.

#### **3.- CICLO DE CINE DOS SETE PECADOS CAPITAIS**



Trátase dun ciclo de cine no que se proxectarán filmes relacionados cos sete pecados capitais, como unha actividade arredor da obra de Manuel Curros Enríquez “O divino sainete” inspirada na “Divina comedia”.

#### 4- ENTREGA XXXVII PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”

O domingo seguinte ao aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro, celébrase anualmente o acto da entrega do premio “Celanova Casa dos Poetas”.

#### 5- LUDOTECAS PARA OS MÁIS PEQUENOS

O obxectivo das ludotecas é o fomento da lectura, acompañado de traballos manuais e sesións de contacontos.

#### 6- PRESENTACIÓN DE LIBROS E AUDIOVISUAIS

Este ano están previstas as presentacións das novidades editoriais vinculadas principalmente con Celanova.

#### 7- EXPOSICIÓNS

As exposicións previstas para o ano 2021, de xaneiro a decembro, son as seguintes:

-“Galicia escandinava. O camiño do Oeste a Santiago de Compostela”

-“Aires da miña terra”.

-Exposición fotográficas de Plácido L. Rodríguez

#### 8.- 2º CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ANALÓXICA E OBRADOIRO

A temática proposta para esta edición ven da man do poema “Na chegada a Ourense da primeira locomotora” de Manuel Curros Enríquez co gallo de estar prevista a chegada do AVE a Ourense e ser 2021 o ano europeo do ferrocarril. Ademais complementarase cun obradoiro de fotografía dirixido por Xurxo Lobato e organizarase unha mostra cos traballos realizados e os presentados a concurso.

#### 9.- ENCONTRO DE XORNALISMO

Organizarase un foro de debate con xornalistas de recoñecido prestixio que reflexionarán arredor do columnismo na sociedade actual, e analizarán a situación do xornalismo de opinión, baixo o fío condutor do lema “Se eu fixen tal mundo...”, verso tomado dun poema de Manuel Curros Enríquez titulado “Mirando ó chau”.

#### 10.- GASTOS DE MANTEMENTO DA FUNDACIÓN





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades, por canto a Fundación Curros Enríquez é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión da obra do escritor.

Polo que a Fundación Curros Enríquez é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

